



CIRCULAR INFORMATIVA 3/2018

1. RECORDATORIO ÚLTIMAS SESIÓNS DAS XORNADAS: “ASPECTOS PROCESUAIS PRÁCTICOS DA ASISTENCIA LETRADA NO PROCESO PENAL”

3ª SESIÓN: 08.02.2018

Día: xoves, 8 de febreiro

Hora: 19.00 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Relator: D. Mario Piñeiro Vázquez, fiscal xefe da Fiscalía de Área de Santiago de Compostela

Materia: (a) Cualificación delictuosa: cualificacións homoxéneas e alternativas; delito continuado e concursos delictuosos. (b) Criterios e fórmula de determinación da pena que corresponda a cada feito delictuoso concreto, atendendo ás circunstancias concorrentes. As medidas de seguridade. (c) Criterios da Fiscalía respecto da confidencialidade dos procedementos penais.

4ª SESIÓN: 14.02.2018

Día: mércores, 14 de febreiro

Hora: 19.00 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Relatora: Dª Ana Belén Cajoto Berdeal, letrada da Admón. de xustiza do Xulgado Penal Núm. 1 de Santiago de Compostela

Materia: (a) Suspensión das penas: fórmulas e criterios. (b) Posibilidade de substitución da pena; como opera?. (c) Incidente de determinación das indemnizacións civís. (d) A rehabilitación ou cancelación de antecedentes penais. (e) O indulto.

2. CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

A Xunta de Goberno, na sesión do pasado 01.02.2018, tomou o acordo de crear unha comisión de estudo ante a próxima renovación da póliza do seguro de responsabilidade civil, que terá lugar no vindeiro mes de xullo deste ano.

De cara á creación desta comisión, ábrese un prazo ata o 19 de febreiro para que os Colexiados e Colexiadas exercentes, con coñecementos nesta materia, poidan solicitar a súa inclusión na dita comisión. As solicitudes poderán remitirse ao enderezo electrónico st.gerente@icasantiago.org.

Para garantir un correcto funcionamento e operatividade, esta comisión organizarase de acordo cos seguintes puntos:





CIRCULAR INFORMATIVA 3/2018

- Estará composta por un máximo de 10 Colexiados/as exercentes, para garantir a operatividade das sesións de traballo.
- Estará presidida por un deputado/a da Xunta de Goberno e coordinada polo secretario técnico do Colexio.
- As súas funcións principais serán: (1) estudo de novas propostas das aseguradoras de cara á renovación da póliza; (2) estudo das características da póliza, límite de coberturas e primas; (3) establecer medidas que adoptar en relación coa reincidencia nos partes de sinistro por algún asegurado/a.

3. CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DO ESTUDO EN MATERIA DE CLÁUSULAS ABUSIVAS, CLÁUSULAS CHAN E GASTOS HIPOTECARIOS

En atención á petición dalgúns Colexiados, a Xunta de Goberno, na sesión do 01.02.2018, acordou crear unha comisión de estudo en materia de cláusulas abusivas, cláusulas chan e gastos hipotecarios.

A finalidade desta comisión consistirá no estudo de diferentes resolucións xudiciais en procedementos específicos sobre esta materia e, unha vez seleccionadas e tratadas, confeccionar unha recompilación das máis interesantes para que sexa remitida a todos os Colexiados e Colexiadas.

De cara á creación desta comisión, ábrese un prazo ata o 19 de febreiro para que os Colexiados interesados poidan solicitar a súa inclusión na dita comisión. As solicitudes poderán remitirse ao enderezo electrónico st.gerente@icasantiago.org.

Para garantir un correcto funcionamento e operatividade, esta comisión organizarase de acordo cos seguintes puntos:

- Estará composta por un máximo de 15 Colexiados/as exercentes, para garantir a operatividade das sesións de traballo.
- Estará presidida por un deputado/a da Xunta de Goberno, ou por un Colexiado/a integrante da comisión en quen delegue.